


NOME CIENTÍFICO

Nerium oleander

Descrición:

Atópase na fronteira entre as árbores e os arbustos, xa que acada unicamente unha altura duns 6 metros de altura e, en moitos casos, no se distingue un tronco principal.



As súas flores teñen uns 2 centímetros de diámetro e son de cor branca ao nacer, mudando a rosadas pouco despois. Agrúpanse en inflorescencias en forma de corimbo.

Familia: Apocynaceae

Orixe: Rexión mediterránea

Nome común: Loendro ou adelfa



90



91

O seu froito é un folículo máis o menos piloso.

As súas follas son lanceoladas (con forma de frecha) e soen aparecer en verticilos. Os seus nervios están moi marcados. Son velenosas, podendo matar a unha persoa se se consumen en gran cantidade.



92

Nerium oleander

Hábitat

Orixinariamente é nativa dunha ampla zona que abrangue as beiras do mar mediterráneo e chega ata a China. Polo tanto, trátase dunha especie que prefire os lugares moi soleados, e cunha gran capacidade de resistencia á seca e ao calor. Resiste moderadamente mal as xeadas.

Usos ou propiedades

Fundamentalmente ornamento debido a súa espectacular floración, aínda que en países como España, existen limitacións á súa distribución debido a súa elevada toxicidade. Historicamente, o tronco da Adelfa utilizouse en cestería.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

Foi a primeira planta en florecer trala explosión da bomba atómica en Hiroshima, Xapón (1945). Durante a guerra de independencia de España, nun campamento de tropas napoleónicas, asaron carne de cordeiro ensartada en pólas de Adelfa. Morreron 8 deles.